

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

*ORDE do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados por esta consellería durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia do COVID-19, co levantamento dos prazos de suspensión do procedemento (código de procedemento ED601B).*

O Estatuto de autonomía de Galicia declara no seu artigo 31 a competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia para o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo das limitacións impostas polos artigos 27 e 149 da Constitución española.

Pola súa banda, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece e define as obrigas das administracións educativas en relación cos servizos educativos complementarios, tales como o transporte e os comedores escolares, e o Decreto 132/2013, do 1 de agosto (DOG nº 154, do 13 de agosto), regula o funcionamento dos comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.

A referida norma prevé o comedor escolar como un servizo educativo de carácter complementario que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa.

A implantación do comedor escolar obedeceu nos seus inicios á necesidade de dar resposta á situación de desvantaxe social e económica de moitas familias, derivada da tradicional dispersión xeográfica galega, que dificultaba o acceso dos escolares á ensinanza, razón pola que se concibía unido ao transporte escolar. No momento actual, o comedor escolar está acadando novas virtualidades, derivadas da súa condición de medio básico na conciliación da vida laboral e familiar.

O 11 de marzo de 2020, a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19 á categoría de pandemia internacional.



Na Comunidade Autónoma de Galicia, por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020, adoptáronse medidas preventivas en materia de saúde pública que foron seguidas da declaración, polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020, da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

Mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

No que se refire especificamente ao ámbito educativo, o punto 1.c) do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020 prevé a adopción, entre outras, das seguintes medidas: suspensión de todo tipo de actividade lectiva regulada en todos os centros de ensino non universitario. Esta suspensión inclúe tamén os servizos educativos complementarios, nomeadamente o comedor, transporte e servizo de madrugadores, con independencia de quen sexa o organizador dos devanditos servizos.

O Congreso dos Deputados autorizou na súa sesión do día 25 de marzo a prórroga do estado de alarma, polo que o alumnado en situación de vulnerabilidade afectado verá agravada a súa situación.

Como consecuencia da devandita suspensión do servizo de comedor escolar, as familias que se atopan en situación vulnerable por motivos de renda ou de exclusión social (causas que xustifican legalmente a condición de usuario gratuito) deberán asumir o custo daqueles menús diarios dos seus fillos e fillas que en período lectivo correría pola conta da Administración educativa, soportando, por esta causa, un custo engadido e imprevisto na economía familiar.

O Real decreto lei 7/2020, do 12 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes para responder ao impacto económico do COVID-19, establece no seu artigo 8 un dereito básico de alimentación de nenos e nenas en situación de vulnerabilidade que se atopen afectados polo peche, ou suspensión, de centros educativos, que se concreta nun dereito a axudas económicas ou á prestación directa de distribución de alimentos. Engade que serán beneficiarias as familias con alumnado de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria a quen as comunidades autónomas teñan concedido bolsas ou axudas para o comedor escolar durante o presente curso académico.



A Xunta de Galicia xestiona a maior rede de comedores escolares, tanto de xestión directa como indirecta, con maior incidencia nos concellos de carácter rural como consecuencia da orixe histórica da rede.

O carácter social da normativa de comedores escolares provoca que, en atención á renda das familias, preto do 75 por cento dos usuarios de comedor teña a condición de usuario gratuíto.

O Real decreto 465/2020, do 17 de marzo, polo que se modifica o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, cuxo artigo único modifica o número 4 da disposición adicional terceira, habilita a Administración para acordar motivadamente a continuación daqueles procedementos administrativos que sexan indispensables para a protección do interese xeral.

Tendo en conta o interese xeral que concorre nos supostos regulados nesta orde, que constitúe o fundamento da súa excepcionalidade, e a consecución da xustiza material, considérase imprescindible a tramitación deste procedemento para dar unha resposta adecuada ás familias, evitando os prexuízos que se lles puidesen producir pola suspensión da actividade educativa e dos servizos educativos complementarios que determina o estado de alarma, motivo polo que se levanta a suspensión dos prazos de presentación de solicitudes para este procedemento.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1. *Obxecto*

1. A presente orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras dunha liña de axudas ás familias do alumnado que posúe a condición de gratuíto e do que por renda familiar resulta pagador dun euro nos centros educativos públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que imparten os niveis de ensinanza básica obrigatoria no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria e no ensino secundario obrigatorio.

2. O outorgamento das axudas a que se refire esta orde realízase de xeito directo, sen concorrencia competitiva, baseándose nas previsións do artigo 8 do Real decreto



lei 7/2020, do 12 de marzo, e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e baixo os principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

## Artigo 2. *Importe das axudas*

1. As axudas económicas previstas consisten nunha compensación do custo diario do menú por comensal, entendido como o servizo de comida ao mediodía, e polos días lectivos de suspensión da prestación do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

Para estes efectos, e tendo en conta que o importe máximo do prezo público de comedor ou tarifa se fixa en 4,50 euros por menú e día, e que neste concepto se inclúen no só os custos da materia prima senón tamén os do persoal da consellería, consumos e mantemento de instalacións, que continúa a aboar, ou, se é o caso, do persoal de empresas alleas, determínase que o prezo máximo para satisfacer en concepto de compensación por materias primas é de dous euros e cincuenta céntimos (2,50 €), nos casos de gratuidade total, e dun euro e cincuenta céntimos (1,50 €) nos casos de gratuidade que teñen a obriga de satisfacer un euro (1 €) pola prestación do servizo.

2. Respecto dos seus efectos temporais, esta orde compensará os días lectivos correspondentes aos primeiros 14 días naturais de suspensión acordados polo Consello da Xunta de Galicia, que para os efectos educativos comezaron o día 16 de marzo e que totalizan 9 días lectivos. Inclúe tamén os 15 días de prórroga autorizados polo Congreso dos Deputados e que rematarían ás 00.00 do día 12 de abril e que se corresponden con 2 días lectivos de marzo e 3 días lectivos do mes de abril ata o comezo das vacacións de Semana Santa. Eventualmente, para o caso dunha ulterior prórroga do estado de alarma, calcúlanse os 14 días lectivos ata o 1 de maio de 2020.

En consecuencia, aínda que se realizarán en dous libramentos, compútase un total de 28 días lectivos para os efectos de cuantificar o importe global dos créditos orzamentarios precisos para atender as compensacións.

O primeiro período de libramento corresponderase cos días lectivos afectados pola suspensión da actividade educativa na primeira a e segunda prórroga de emerxencia sanitaria e alarma.



O segundo libramento corresponderase cos días lectivos afectados por unha eventual terceira prórroga, no caso de que finalmente se adoptase tal medida.

Mediante resolución da consellería poderase estender o réxime previsto na presente orde aos períodos de suspensión do servizo de comedor posteriores ao 1 de maio, coa habilitación dos créditos orzamentarios precisos.

### Artigo 3. *Crédito orzamentario destinado*

1. Para a concesión das compensacións regulamentadas nesta orde destinaranse un total de 3.018.846 euros que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 10.10.423A.480.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

2. A percepción destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, ben que o importe da axuda concedida en ningún caso poderá, en concorrencia coas outras subvencións ou axudas, superar o custo máximo do prezo público ou tarifa establecido para os comedores escolares fixado en catro euros con cincuenta céntimos (4,50 €).

### Artigo 4. *Beneficiarias das compensacións*

Poderán ser beneficiarias destas compensacións as familias con un ou máis fillas/os escolarizados en centros públicos xestionados pola consellería que teñan a condición de comensais gratuítos ou pagadores dun euro nas relacións de comensais correspondentes ao 31 de xaneiro de 2020.

### Artigo 5. *Solicitudes. Lugar e prazo de presentación*

1. Tendo en conta a condición previa de comensal gratuíto ou semigratuíto dun euro, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



As familias que acrediten dificultades para formalizar a solicitude por medios electrónicos poderán solicitar que o equipo directivo do centro educativo en que se escolarizan as/os súas/seus fillas/os colaboren na formalización da solicitude. Para estes efectos, os centros con comedor escolar habilitarán un horario específico que anunciarán ás familias.

Alternativamente, para o suposto de que non sexa posible obter mecanismos de identificación (FNMT ou Chave365), arbitrase un sistema de captura das solicitudes nos centros educativos con identificación do solicitante a través de medios electrónicos ou telefónicos. Esta posibilidade anunciarase a través do portal educativo e dos portais dos centros educativos.

A solicitude será única por cada familia e incluírá a totalidade das fillas e dos fillos escolares de ensinanza obrigatorias, que sexan comensais gratuítos e semigratuítos dun euro no comedor escolar xestionado pola consellería nun centro de ensino público, identificará o solicitante en nome da familia e o alumnado comensal e conterá información da conta corrente onde realizar o ingreso da compensación.

Habilitaranse os mecanismos de cifrado suficiente para que os datos transmitidos teñan a correcta protección de datos.

2. Tendo en conta a especial vulnerabilidade do colectivo beneficiario e a inmediatez con que debe de ser atendido, establécese un prazo especial de presentación de solicitudes para atender o pagamento das compensacións que comezará o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 6 de abril, ambos os dous incluídos.

#### Artigo 6. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa representante legal do alumnado.
- b) Condicións de beneficiarios de comedor nas bases de datos da consellería.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente, habilitado na solicitude, e achegar os documentos. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar as persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.



**Artigo 7. *Transparencia e bo goberno***

Tendo en conta a vulnerabilidade do colectivo beneficiario, de conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional non exixirá publicar na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Porén, a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias se for precisa a comunicación a outras administracións públicas.

**Artigo 8. *Instrución do procedemento***

A unidade administrativa instrutora do procedemento é o Servizo de Xestión de Comedores Escolares dos Centros Docentes non Universitarios dependente da Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios, en colaboración coa Habilitación da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Xestión de Comedores Escolares dos Centros Docentes non Universitarios realizará, de oficio, cantas actuacións considere necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos que se deba pronunciar a resolución, conforme o establecido nesta orde, en particular a comprobación de que as solicitudes se corresponden con beneficiarios de bolsas de comedor en centros xestionados pola consellería.

De conformidade co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e tendo en conta o carácter compensatorio que presentan estas axudas, exceptúase expresamente o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

As axudas reguladas nesta orde tramitaranse polo procedemento abreviado previsto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. En consecuencia, unha vez realizadas as comprobacións anteriores, a unidade administrativa instrutora elevará unha proposta de resolución ao órgano competente para resolver, sen que interveña o órgano avaliador a que se refire o artigo 21 da lei.



**Artigo 9. *Resolución e formalización das axudas***

1. De conformidade co disposto na disposición adicional da Orde do 5 de decembro de 2018 de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, delégase no secretario xeral técnico da consellería a competencia para resolver a concesión destas axudas.

2. O prazo máximo para resolver será de 10 días desde a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

3. Entenderase como medio de notificación da concesión o aboamento da compensación realizada pola Administración educativa na conta corrente do beneficiario.

4. A resolución ditada, segundo o disposto no punto 1 deste artigo, porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnalas directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**Artigo 10. *Pagamento e xustificación das compensacións***

1. O pagamento das compensacións realizarase logo da súa resolución, nun prazo máximo de 5 días.

De conformidade coa natureza das compensacións, realizarase un primeiro aboamento correspondente aos primeiros 14 días lectivos afectados pola declaración de suspensión do servizo de comedor escolar.

Para o caso de que se acorde unha prórroga da suspensión do servizo de comedor, realizarase un segundo aboamento polos 14 días lectivos restantes, sen que sexa preciso a presentación de novas solicitudes.





2. Tendo en conta a natureza das compensacións, non cumprirá xustificación da realización da actividade.

3. O pagamento realizarase mediante o mecanismo de libramentos que debe xustificar a Habilitación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

4. Tendo en conta a natureza das compensacións, poderase anticipar a totalidade das contías.

5. As beneficiarias están exentas de presentar garantía ningunha pola percepción das compensacións, consonte o disposto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 11. *Revogación e reintegro das axudas*

Nos supostos establecidos no artigo 33.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda pública percibida, así como o aboamento dos xuros de demora devindicados desde o momento do seu pagamento ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

#### Artigo 12. *Infraccións e sancións*

No relativo a esta materia, serán de aplicación as disposicións recollidas no título IV, artigos 50 a 68, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 13. *Normas de aplicación supletoria*

No non previsto nas bases anteriores serán de aplicación directa as normas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e de aplicación supletoria as establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

#### Disposición adicional única. *Información básica sobre a protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da



xestión deste procedemento e a actualización da información e dos contidos da Carpeta cidadá. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha obriga legal dos poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, esta circunstancia reflectirase no devandito formulario. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Así mesmo, infórmase que a consellería poderá facilitar os datos precisos a entidades financeiras para efectuar o pagamento.

Disposición derradeira primeira. *Recursos*

Contra esta orde poderase interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2020

Carmen Pomar Tojo  
Conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**ANEXO I**

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>AXUDA EXTRAORDINARIA COMEDORES ESCOLARES</b>	<b>ED601B</b>	<b>SOLICITUDE</b>


<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	TIPO DOCUMENTO	NIF/PASAPORTE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>			
TIPO	NOME DA VÍA		NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA	
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
PARROQUIA			LUGAR				
<input type="text"/>			<input type="text"/>				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>				
TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>AUTORIZACIÓN</b>
A persoa solicitante autoriza á persoa integrante do equipo directivo do centro escolar para a presentación electrónica desta solicitude, se é o caso.

<b>DATOS BANCARIOS</b>
Declara que é titular da seguinte conta bancaria, na cal solicita que se lle abone a axuda correspondente:
NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:</b>																					
1. Que é o pai/nai/titor/a legal dos/das seguintes alumnos/as que son usuarios/as gratuitos/as ou semigratuitos/as do comedor escolar que a seguir se relacionan:																					
<table border="1"> <thead> <tr> <th>NOME</th> <th>PRIMEIRO APELIDO</th> <th>SEGUNDO APELIDO</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> <tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr> </tbody> </table>	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO																		
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO																			
2. Que os/as alumnos/as relacionados/as no punto anterior son usuarios/as do comedor escolar do/s centro/s que a seguir se relaciona/n:																					
<table border="1"> <thead> <tr> <th>CENTRO EDUCATIVO</th> </tr> </thead> <tbody> <tr><td> </td></tr> <tr><td> </td></tr> <tr><td> </td></tr> <tr><td> </td></tr> <tr><td> </td></tr> <tr><td> </td></tr> </tbody> </table>	CENTRO EDUCATIVO																				
CENTRO EDUCATIVO																					
3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que, no seu caso, se acheguen son certos e que cumpren todos os requisitos exixidos na convocatoria.																					
4. Que autoriza á Secretaría Xeral Técnica a ceder os datos persoais aos centros educativos de Galicia, así como a aquelas entidades financeiras asociadas necesarias na tramitación destas axudas.																					
5. Que autoriza á Secretaría Xeral Técnica a consultar os datos persoais, académicos e relativos á súa condición de usuario gratuito ou semigratuito dos comedores escolares xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.																					


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: my7wmcq8-pqa2-h7s7-r175-mog3fjz9ha5


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
 E FORMACIÓN PROFESIONAL

**ANEXO I**  
 (continuación)

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI ou NIE da persoa representante legal do alumnado	<input type="checkbox"/>
Ser beneficiario/s de comedor nas bases de datos da consellería	<input type="checkbox"/>

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais">https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais</a>


**Actualización normativa:** no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Orde do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados por esta consellería durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia do COVID-19, co levantamento dos prazos de suspensión do procedemento (código de procedemento ED601B).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 



Secretaría Xeral Técnica


**SEDE ELECTRÓNICA** Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
